

Concello de Viveiro

EXPTE.- 8542/2020

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo do sábado, 21 de novembro de 2020 N.º 268, publícase a convocatoria do proceso para a selección de UN ADMINISTRATIVO con carácter temporal, como empregado público para a execución das obras ou prestacións de servizos no Concello de Viveiro, incluídas no programa “Fomento do Emprego 2020” segundo as bases reguladoras do plan provincial único de cooperación cos Concellos 2020.

Vistas as bases xerais, específicas e anexo polas que se establecen as normas que rexerán o proceso selectivo para cubrir, con carácter temporal, mediante a modalidade de funcionario interino, como empregado público para a execución das obras ou prestacións de servizos no concello de Viveiro, incluídas no programa “Fomento do Emprego 2020” segundo as bases reguladoras do Plan Provincial Único de cooperación cos Concellos 2020.

Vista a base 7.1, que sinala “(...)Todos os membros do Tribunal deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo. A designación dos membros do Tribunal farase por Resolución da Alcaldía e será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular recusación...”

Vista a base 7.2, que sinala “(...)O Tribunal constituirase en sesión de constitución nun prazo máximo de 15 días hábiles dende a publicación do nomeamento dos seus membros...”

RESOLVO

PRIMEIRO.- Nomear aos membros do Tribunal que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE:

Titular: Dona María Luz Balsa Rábade, Secretaria Xeral do Concello de Viveiro.

Suplente: Don Jose Antonio Álvarez Neira, Director do Conservatorio de Música do Concello de Viveiro.

VOGAIS:

Titular: Don Antonio Pernas Pérez, Administrativo de Urbanismo do Concello de Viveiro.

Suplente: Dna. Beatriz Vale Conesa, profesora do Conservatorio de Música.

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147





Concello de Viveiro

Titular: Dona Lucía Míguez López, Traballadora Social do Concello de Viveiro.
Suplente: Dona María Del Carmen Vale González, Xefa de Negociado de Estadística do Concello de Viveiro.

Titular: Don Eduardo Otero Pardo, Informático do Concello de Viveiro.
Suplente: Dona Encarnación Casas Polo, Administrativo de Secretaría do Concello de Viveiro.

SECRETARIO:

Titular: Don Jose Vivero Russo, Xefe de sección de contratación do Concello de Viveiro.
Suplente: Don Antonio Río Rodríguez, Secretario do Conservatorio de Música.

SEGUNDO.- Citar aos membros do Tribunal para que comparezan na sala de Xuntas deste Concello de Viveiro **o mércores día 09 de decembro de 2020 ás 08:00 horas**, para a súa constitución, elaboración de lista provisional de admitidos e excluídos.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante min, A Secretario, ós efectos do artigo
3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147

